

«Esta historia non está contada en termos de aprendizaxe moral»

Baseada nun feito real acontecido no Mediterráneo, o escritor vigués Manuel Esteban vén de publicar en Xerais unha novela na que comparte un estremecedor relato de morte e de supervivencia, de solidariedade e de egoísmo. O autor narra en «A lei do mar» o relato de seis mariñeiros que rescatan a un grupo de persoas subsaharianas entre as que se atopan tres nenas «obrigadas» a vivir.

[Carolina Sertal](#) Vigo 23 de setembro de 2025

<https://www.farodevigo.es/sociedad/2025/09/23/historia-non-contada-terminos-aprendizaxe-121851446.html>

-Como chega a esta historia?

-A través dunha persoa que coñezo, de Adolfo, quen leva xa uns anos embarcado en múltiples ámbitos, dende pesca a buques de investigación, pero que nunca estivera en buques de rescate. Cando me contou esa historia hai uns anos, a verdade é que me asaltou a necesidade de escribila, porque pensei que tiña que ser contada. Se algún tesouro agocha o mar, debe de ser o de milleiros e milleiros de historias coma esta, e que resultan moi sorprendentes en terra firme, porque van máis alá dos nosos lugares comúns e, dende logo, dos lindes morais no que nos movemos de portas para adentro baixo o amparo das leis que nos rexen e protexen, ata certo punto. A min chegoume esta, quedou escrita durante uns anos, Xerais propuxo publicala e decidín publicala.

-É unha novela diferente con respecto ás anteriores.

-Efectivamente está escrita dunha maneira diferente porque é unha historia completamente distinta ao que escribo habitualmente, aínda que diría que non tanto. O outro día escoitáballe ao cantautor Santi Araújo nunha entrevista que todos os cantautores escribían e compoñían sempre a mesma canción, igual que un paxaro que canta sempre a mesma canción, só que intenta refinala. É certo que o estilo de «A lei do mar» é distinto, porque pensaba que a historia merecía ser contada doutra maneira. Aínda que é un pouco «thriller», «western», non é novela negra ou ciencia ficción, que é o que escribín até o de agora, polo que decidín cambiar un pouco o ton e a forma. Mais, no fondo, conto probablemente moitas das cousas que conto en «A ira dos mansos» ou «O meu nome é Ninguén». De feito, lembraba moito a dedicatoria deste último: «Aos que están abaixo de todo porque eles non teñen xa a ninguén a quen pisar», e polo tanto

teñen como mínimo o beneficio da dúbida. Escribo sobre iso, sobre os que están abaixo de todo, e máis abaixo do mar... Por outra banda, revisei ese libro arquetipo no que a idea fundamental é que o mar sempre ten razón, como en «O vello e o mar», de Hemingway, «Moby Dick» ou mesmo en «As ondas», de Virginia Woolf, que exploran esa idea, a mesma sobre a que en parte pivota «A lei do mar».

-E atopouse cómodo nese novo estilo que explorou?

-Gustoume moito a incursión neste territorio, que é un chisco máis lírico, e no que teño un afán constante por contar a historia co menor número de palabras posible. Ese foi o meu maior afán neste libro, porque eu teño claro que a potencia está na historia, moito máis que no meu mérito como escritor, entón quixen despoñala de adobíos, condensala en poucas palabras pero certas. É certo que me adentrei nun terreo que me dá certo pudor, porque a liña entre o lírico e ridículo é tan estreita que dá algo de medo, por iso hai certo risco persoal no intento de escribir algo máis lírico, pero é algo que me apetecía e estou moi satisfeito, aínda que insisto en que o maior mérito está na propia historia.

-Publícase esta novela nun momento de auxe dos discursos reaccionarios e de odio cara as persoas migrantes.

-É terriblemente actual, por suposto. Hai tan só tres días que o xefe da Armada española dicía literalmente que os barcos do exército español non podían ignorar os caiucos, que a lei do mar estaba por riba das directrices políticas, respondendo ademais a un político de ultradereita. Por casualidade, ou non, chega nun momento axeitado. No persoal, as miñas posicións son coñecidas e estou en contra desa posición política que insta a poñer muros e barreiras. Dito isto, tamén teño que dicir que o libro está escrito baixo unha premisa que tamén me sorprendeu a min cando ma contou o mariñeiro, a do mar aberto como territorio sen lei, a pesar do título, un enorme territorio gris no que nunca é posible facer o correcto, no que tomas decisións que son de pura supervivencia. Esta historia non está contada en termos de aprendizaxe moral, de se unha posición é correcta ou incorrecta, de se se axusta á norma ou non, e con isto non quero ser equidistante. Ao protagonista preséntanselle varios dilemas terribles, como o de que de súpeto están afogando 100 persoas e ti só tes dúas mans, e escolles: ti si, ti non, ti si... é terrible! Os arquetipos morais e delimitados, do mal ou do ben, desaparecen en mar aberto, e esa é a idea cental, a dun terreo sen normas ao que chegas co posto e con iso tes que tomar as decisións. E si, o drama das persoas que naufragan está no primeiro plano da novela.